

SEPE

Concursos de traslados

22/03/2024

---

Informamos de que o novo concurso de traslados de postos base foi enviado ó Ministerio para a súa tramitación. A día de hoxe está en Función Pública para que de o seu visto e praxe. Se o dá, será devolto ó Ministerio para que o envíe ó BOE. En caso de que Función Pública poña algún reparo tería que volver ó SEPE para a súa corrección.

A CIG, tal e como xa indicamos nunha nota informativa específica, non está de acordo cos seguintes extremos das bases e anexo de prazas:

Méritos específicos. Non compartimos a interpretación do Ministerio de que con 6 meses de desempeño dunha función en calquera momento da vida laboral, xa se teña a máxima puntuación.

Valoración da lingua cooficial. Entendemos que non cumpre coa normativa existente. Non valora o coñecemento do galego en todos os postos e o SEPE tampouco fixo a modificación do cadro de persoal (RPT) sinalando os postos que requiren a valoración da lingua cooficial.

Postos vacantes. Non convocan os postos vacantes como consecuencia da Resolución do último concurso. Despois os cubrirán en comisión de servizos e no seguinte concurso dirán que tampouco se convocan porque a comisión leva menos de 2 anos. Todo un despropósito.